




Castiñeiros de Viana do Bolo

Adela Leiro, Mon Daporta
Novembro 2019



Distancia: 30 A 40 km (ida e volta)
Dificultade: baixa



Castiñeiro en Mosexos (Pinza), 7,8 m de perímetro



Castiñeiro en Pinza

O concello de Viana do Bolo atópase entre o Macizo Central e as Serras Orientais polo que ten un territorio de releve moi complexo con grandes variacións altitudinais entre as montañas e os fondos dos vales escavados polos ríos Camba e Bibeí. É un concello con importantes valores naturais que ten unha ampla superficie protexida dentro dos LICs “Pena Trevinca” e “Macizo Central”. Acolle tamén un rico patrimonio etnográfico e histórico-artístico, no que ocupa un lugar de destaque a celebración do entroido tradicional, e ademais atópase dentro do espazo xeográfico de cultivo da castaña en Galiza, un dos recursos de máis antigüidade da comarca; e foi precisamente este último aspecto o que nos trouxo ata aquí, porque en moitos dos numerosos soutos que se atopan ao pé de case todas as localidades hai exemplares de castiñeiros de toros monumentais, algúns dos de máis perímetro de Galiza, e o mellor momento para poder apreciar o seu tamaño e a súa monumentalidade é agora cando xa perden as follas e as formas e os pormenores, que antes estaban agochados por elas, déixanse ver e pódense gozar con todo detalle.

PERCORRIDO

Viana do Bolo é unha boa opción para facer un percorrido de unha ou varias xornadas, dependendo do de vagar con que queiramos tomalo. Son moitos os soutos e moitos os exemplares que podemos visitar, a algúns hai que achegarse á mantenta pero outros xa se descubren desde a propia estrada. De todos os que vimos imos suxerir uns poucos. Non podemos deixar de achegarnos a **Hedroso** para ver o **castiñeiro do Real**, de máis de 14 m de perímetro e incluído no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, e outros que hai no lugar; en **Pinza** hai exemplares de máis de 11 m de perímetro; en **Seoane de Arriba -Solbeira-**, dentro dun grupo de grandes castiñeiros destaca o do **Prado da Parranda**, con 12,20 m de perímetro; en **Caldesiños** hai varios exemplares de ata 8,40 m de perímetro; en **Taboaza de Umoso** merece unha visita o **souto de Dradelo**, con varios exemplares de bo porte; e os de **Umoso**, en Quintela de Umoso.



Adela Leiro

Castiñeiro en Pinza 11,6 m



Castiñeiro do Real (Hedroso)



Adela Leiro



Castiñeiros en Pinza



Castiñeiro do Real (Hedroso) de máis de 14 m de perímetro



Castiñeiro en Hedroso



Castiñeiro de Hedroso (8,7 m de perímetro)



Castiñeiro do Souto do Prado da Parranda (Seoane de Arriba, Solbeira), 12,2 m de perímetro



Castiñeiro en (Seoane de Arriba, Solbeira), 8,2 m de perímetro



Castiñeiro en (Seoane de Arriba, Solbeira), 9,65 m de perímetro



Souto do Prado da Parranda (Seoane de Arriba, Solbeira)



Castiñeiros en (Seoane de Arriba, Solbeira)



Castiñeiro en Caldesiños (8,10 m de perímetro)



Castiñeiro en Caldesiños (5,9 m de perímetro)



Souto en Caldesiños



Castiñeiro en Seoane de Abaixo (Caldesiños), 8,2 m de perímetro



Castiñeiros Seoane de Abaixo Caldesiños), 8,4 m de perímetro





Castiñeiro de Cerdedelo-Umoso
(Quintela de Umoso - Viana do Bolo)



Castiñeiro do Santuario do Pai Eterno. (Quintela de Umoso. Viana do Bolo)



Souto de Dradelo (Taboaza de Umoso)



Follas, ourizos e castañas